



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DA CORUÑA, O CONCELLO DA CORUÑA E A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL SOBRE O ACONDICIONAMENTO E DEFINICIÓN DA XESTIÓN DO EDIFICIO DE NORMAL

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, DECLARA:

Que esta Consellería formalizou coa Universidade da Coruña e co Concello da Coruña o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 21 de novembro de 2022. Esta vixencia poderá prorrogarse unánimamente polos asinantes, antes da finalización do prazo previsto, por un período de catro anos adicionais.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Articular as bases de colaboración entre a Universidade da Coruña, o Concello da Coruña e a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para levar a cabo o acondicionamento e definición da xestión no edificio de Normal.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

Os convenios entre as administracións públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, 57 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 198 e seguintes da Lei 5/97, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

A lexislación en materia educativa establece que a conservación, mantemento e vixilancia dos edificios destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial, corresponderán ao municipio respectivo.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela,

O secretario xeral técnico

